

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP San Xosé Obreiro.
CURSO: 3º Educación Primaria.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
- 4. Información e publicidade.**

ÁREA: MATEMÁTICAS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes
	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e números ata o 10000.
B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.
	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
	MTB2.3.4. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.
	MTB2.3.5. Identifica e usa os termos propios da división.
B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.1.1. Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.
	MTB5.1.2. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.
	MTB5.1.3. Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.

B3.5. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
B3.1. Seleccionar e utilizar instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo, en contextos reais.	MTB3.1.1. Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude,
B3.2. Operar con diferentes medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo	MTB3.2.2. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
B4.1. Identificar figuras planas e corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos (lados, vértices, caras, arestas e ángulos).	MTB4.1.1. Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
B4.3. Coñecer e diferenciar os poliedros e os corpos redondos, así como os seus elementos básicos.	MTB4.3.1. Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...).
B4.5. Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.5.2. Interpreta e describe situacións, mensaxes e feitos da vida diaria utilizando o vocabulario xeométrico axeitado: indica una dirección, explica un percorrido, oriéntase no espazo.
B4.6. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB4.6.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados utilizando estratexias heurísticas de razoamento.

ÁREA: CIENCIAS NATURAIS**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.
B3.2. Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
	CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención.	CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.
	CNB2.3.2. Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.
B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián

ÁREA: CIENCIAS SOCIAIS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1.Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1.Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas
B2.2.Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima	CSB2.2.1.Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos. CSB2.2.2.Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres CSB2.2.3.Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais.
B2.3.Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura sexa interna ou externa. Explicar que é un volcán, que acontece no momento da erupción e algunhas medidas de actuación básicas para a prevención de danos.	CSB2.3.1.Identifica, nomea e describe as capas da Terra.
B2.7.Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación.	CSB2.7.1.Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
B2.10 Interpretar o tempo atmosférico en mapas do tempo sinxelos da comunidade autónoma.	CSB2.10.1.Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.
B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
B2.15. Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a necesidade dun desenvolvemento sostible.	CSB2.15.1.Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.
B2.4.Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive.	CSB2.4.1.Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
B2.5.Distinguir entre planos e mapas, incluíndo os planisferios, facendo	CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala

<p>sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa entorna próxima.</p>	<p>sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.</p>
<p>B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.</p>	<p>CSB2.13.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.</p>
<p>B1.3. Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.</p>	<p>CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.</p>
<p>B3.5. Coñecer as normas básicas e sinxelas de circulación e utilízalas como persoa usuaria de medios de transporte</p>	<p>CSB3.5.1. Coñece as normas básicas de circulación como peatón.</p>

ÁREA: LINGUA CASTELÁ.**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.9. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: contos, narracións, receitas, instrucións, normas....
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.4. Utiliza as normas ortográficas básicas.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua	LCB4.2.1. Utiliza palabras sinónimas.
B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.3.3. Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas.
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Utiliza palabras antónimas.

B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción.
	LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras.
B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua	LCB4.3.1. Clasifica e usa os tipos de nomes para elaborar textos escritos sinxelos
	LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.2. Utiliza, segundo modelo, prefixos e crea palabras derivadas.
B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.

ÁREA: LINGUA GALEGA.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	LGB1.6.3. Aмосa un discurso oral, claro, cunha pronuncia e entoación axeitadas e propias da lingua galega.
B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción ora	LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis)	LGB2.1.6. Emprega o dicionario, de xeito guiado, para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
B2.7. Usar as bibliotecas de aula, e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento, e participar en actividades literarias	LGB2.7.1. Utiliza as biblioteca de aula e de centro respectando as normas básicas do seu o funcionamento.

	LGB2.7.3. Participa en actividades literarias do centro.
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	LGB4.1.4. Identifica nun texto adxectivos.
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.	LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido	LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.

ÁREA: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.3.2. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.
	VSCB1.3.3. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.
	VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos
	VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos.
B3.1 Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	VSCB3.1.3 Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.
B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais	VSCB3.3.1. Participa na elaboración das normas da aula.
	VSCB3.3.2. Respecta as normas do centro escolar.
B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e	VSCB3.4.1. Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo.

<p>empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais</p>	<p>VSCB3.4.3. Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito.</p>
<p>B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.</p>	<p>VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.</p>
<p>B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.</p>	<p>VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.</p>

ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.	EPB1.1.2. Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico.
	EPB1.1.3. Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica.
B1.2. Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo.	EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.
	EPB1.2.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.
B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.
	EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.
B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente.	EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.
B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.
	EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía.
B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final	EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada.

2. Avaliación e cualificación das área de Matemáticas, Valores Sociais e Cívicos, Educación Artística, Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura.

Avaliación	Procedementos: Observación diaria do traballo do alumnado e revisión de tarefas.
	Instrumentos: listas de control, escalas de valoración descritiva, rúbricas e probas escritas.
Cualificación final	<p>A cualificación final de curso obterase realizando unha media ponderada que teña en conta as cualificacións obtidas no primeiro e segundo trimestre, otorgándolle unha porcentaxe dun 40% a cualificación do primeiro trimestre e ún 60% a cualificación do segundo trimestre.</p> <p>As tarefas desenvoltas dende o inicio do estado de alarma (14 de marzo de 2020) e até o final do terceiro trimestre só poderan repercutir de xeito positivo na calificación final do alumnado.</p> <p>Tendo en conta as porcentaxes anteriormente expostas, a porcentaxe de avaliación que se terá en conta para a calificación do terceiro trimestre será dun 10% a maiores. E dicir, en ningún caso perxudicará a calificación final do alumnado, senón que sempre se terá en conta de xeito positivo.</p>

2. Avaliación e cualificación das área de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais.

Avaliación	Procedementos: Observación diaria do traballo do alumnado e revisión de tarefas.
	Instrumentos: listas de control, escalas de valoración descritiva, rúbricas e probas escritas.
Cualificación final	A cualificación final de curso obterase realizando unha media aritmética que teña en conta as cualifiacións obtidas no primeiro e segundo trimestre, otorgándolle unha porcentaxe dun 50% a cualificación tanto do primeiro como do segundo trimestre.

As tarefas desenvoltas dende o inicio do estado de alarma (14 de marzo de 2020) e até o final do terceiro trimestre só poderan repercutir de xeito positivo na calificación final do alumnado.

Tendo en conta as porcentaxes anteriormente expostas, a porcentaxe de avaliación que se terá en conta para a calificación do terceiro trimestre será dun 10% a maiores. E dicir, en ningún caso perxudicará a calificación final do alumnado, senón que sempre se terá en conta de xeito positivo.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, ampliación).

Actividades

As tarefas que se plantexan neste 3º trimestre foron deseñadas co obxectivo de recuperar, repasar, reforzar e ampliar as aprendizaxes desenvoltas tanto no primeiro e segundo trimestre do presente curso como de cursos anteriores.

A continuación, amósase un resumo das actividades propostas para cada unha das áreas previamente mencionadas:

- Área de Matemáticas: aprenderemos a redondear ás decenas, ás centenas e ás unidades de millar, resolveremos problemas nos que utilizaremos sumas e restas, realizamos actividades de cálculo mental, resolveremos problemas nos que utilizaremos multiplicacións e divisións, estableceremos relacións da división coa multiplicación, representaremos gráficamente (mediante fraccións) os termos da división, solucionaremos problemas empregando as fraccións e as cantidades de diñeiro, traballamos en base as figuras xeométricas, analizaremos a información presente en táboas de datos, elaboraremos táboas e gráficas de datos, etc.

- Área de Ciencias Naturais: traballaremos en base a identificación e explicación das tres funcións vitais, a diferenciación entre seres vivos e inertes, a clasificación dos seres vivos en diferentes grupos (mamíferos, aves, anfibios....) en función das súas características,

analizaremos a función de relación nos seres humanos e nos animais, buscaremos información na rede, de xeito guiado, sobre a alimentación dun ser vivo, deseñaremos un menú equilibrado, diferenciaremos entre alimentos naturais, bos procesados e ultraprocesados e recordaremos hábitos de alimentación, hixiene e descanso. Identificaremos as diferencias máis evidentes entre os tres estados da materia. Mediante a análise de diferentes obxectos, observaremos as diferencias entre o concepto de masa e volume. Clasificaremos a materia en substancias puras e mesturas (homoxéneas e heteroxéneas), etc.

- Área de Ciencias Sociais: realizaremos varios traballos de investigación (empregando as TIC de xeito guiado) sobre as paisaxes naturais e humanizadas e as súas características, a diferenza entre o concepto de vila e cidade, os diferentes accidentes do relevo, as normas de protección dos espazos naturais, a interpretación do tempo atmosférico, a representación da terra en mapas, a orientación e a identificación de lugares coñecidos e contextualizados en planos e mapas.

Repasaremos o movemento de traslación e rotación (e as súas consecuencias) e as distintas fases lunares. Analizaremos a información procedente das novas tecnoloxías no estudo das características do sistema solar.

- Área de Lingua Castelá e Lingua Galega: traballaremos en base a comprensión de textos de diversa tipoloxía, produciremos textos con diferentes intencións comunicativas (descritivos, narrativos, dialogados...), elaboraremos textos instrutivos empregando a receita como medio, coidando a ortografía, a presentación e empregando os signos de puntuación necesarios. Elaboraremos cartas escolares e correos electrónicos. Crearemos textos expositivos incorporando os conceptos abordados nas áreas de Ciencias Sociais e Naturais.

Recoñeceremos e analizaremos os distintos tipos de palabras en textos e oracións (sustantivo, adxectivo, artigos, determinantes).

Identificaremos e empregaremos sinónimos e antónimos. Buscaremos (de xeito guiado), analizaremos e comprenderemos información en diversas páxinas webs. Traballaremos a separación silábica e a clasificación das palabras segundo a sílaba tónica (agudas, graves e

esdrúxulas). Resumiremos textos sinxelos, identificando as ideas máis importantes e esenciais.

- Área de Valores Sociais e Cívicos: traballaremos en base a igualdade de xénero, a erradicación dos estereotipos sexistas, a identificación das propias emocións e das emocións das demais persoas, a resolución pacífica de conflitos e o emprego dunha linguaxe positiva. Mediante iversos vídeos e contos, analizaremos e reflexionaremos en base a situacións de acoso escolar e achegarémonos á diversidade funcional, aportando diferentes propostas para a creación dunha sociedade máis inclusiva.

- Área de Educación Artística: as tarefas propostas na área de Educación Artística terán en conta os posibles recursos dispoñibles no fogar, atendendo a actual situación de confinamento. Principalmente, traballaremos con diferentes instrumentos, técnicas e materiais para alcanzar un produto artístico final. Practicaremos tamén a simetría e o pixelado de imaxes e elaboraremos un collage empregando diversas formas e materias de diferentes texturas.

**Metodoloxía
(alumnado con
conectividade e sen
conectividade)**

Co propósito de continuar o proceso educativo neste terceiro trimestre, o alumnado con conectividade terá que realizar as tarefas presentes na páxina web do centro. Unha vez realizadas, enviaranse, mediante correo electrónico, a titora do grupo, co obxectivo de revisalas, identificar as dificultades, avaliar o grao de desenvolvemento das mesmas e a adquisición dos estándares de aprendizaxe e competencias chave, así como ofrecer información e pautas ás familias e adaptar as aprendizaxes ás casuísticas particulares de cada alumno/a, favorecendo o seu desenvolvemento persoal e académico.

Para aquel alumnado que, por diversos motivos, non tivese acceso as tarefas establecidas na páxina web, elaboráronse portafolios con fichas adaptadas a cada nivel de desenvolvemento.

A comunicación con este alumnado e as súas familias realizarase mediante vía telefónica, resolvendo as dúbidas pertinentes e valorando o progreso no proceso educativo.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>O profesorado informará ao alumnado mediante a páxina web do centro.</p> <p>Para aquel alumnado que esté privado de conectividade e non poida acceder a dita información, a titora comunicará as medidas pertinentes mediante vía telefónica.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

ÁREA DE RELIXIÓN

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
-Los Apóstoles en la Pascua	-Identificar las características de los amigos de Jesús en los relatos evangélicos
-Distinguir como Jesús hace felices a los hombres con sus gestos y acciones	-Descubre en los relatos, milagros, gestos y acciones de Jesús. -Valorar el comportamiento de Jesús con los pecadores
-Identificar acciones de la Iglesia que continúan la misión de Jesús	-Relatos breves para expresar como la acción misionera, caridad y los sacramentos ayudan a lograr la felicidad de las personas.

2. Avaliación e cualificación da área de Relixión	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Comprensión do mensaje cristiano en cuanto a su edad y a la etapa en la que se encuentra en ese momento</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>-Recursos fotocopiables</p> <p>-Recursos en red, a través del blog de religión católica del centro, Nuestro rincón de reli</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Se tomará como referencia la nota de la 2ª evaluación y se valorará el trabajo realizado a través de los medios disponibles.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	-Actividades interactivas y de refuerzo disponibles en blog de religión
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	-Exposición de resultados del trabajo realizado en red, correo electrónico, teléfono móvil, tablet..
Materiais e recursos	-recursos en red -recursos fotocopiables -recursos audiovisuales(canciones, relatos bíblicos, videos ,juegos....)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O profesorado informará ao alumnado mediante a páxina web do centro.</p> <p>Para aquel alumnado que esté privado de conectividade e non poida acceder a dita información, a titora comunicará as medidas pertinentes mediante vía telefónica.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Área: Educación Física

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
-Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. B1.3.	EFB1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
-Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices. B2.2.	EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración. EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado.
-Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos demais B2.1.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
- Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. B3.1.	EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes. EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
-Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde B5.2.	EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.

<p>- Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física. B5.3.</p>	<p>EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento guiado.</p>
<p>-Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades B6.1.</p>	<p>EFB6.1.1. Iníciase no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.</p>

2. Avaliación e cualificación da área de Educación Física	
Avaliación	Procedementos: - Observación directa diaria da clase.
	Instrumentos: - Execución de exercicios e a súa análise. - Execución de distintas tarefas. - Realización axeitada do traballo. - Rexistro de incidencias da actividade.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Ao tratarse dunha avaliación continua a cualificación do segundo trimestre corresponderá coa avaliación final.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Debido ao confinamento, rompeuse o esquema de traballo en equipo pasando a ser individual, deixando de ser o xogo en equipo o seu referente. Adaptándose a intentar conseguir que os nenos fixeran exercicio coas trabas dun espazo pechado como é a súa casa.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Os exercicios propostos trataran as cualidades físicas básicas, as destrezas e as habilidades dun xeito globalizado e lúdico.
Materiais e recursos	Pelota, cordas, paos, zapatillas, fichas con debuxos simples, videos, e webs

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. A través do titor/a que colga os recursos na web do centro
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Área: Educación Artística (Música).

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	Expresa verbalmente unha sensación
Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.	Coñece alguna cantiga popular galega
Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	Coñece as normas de escoita de audicións e concertos
Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical	Recoñece elementos da linguaxe musical básicos nunha peza
Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	Distingue as variacións
Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	Canta e toca só e en grupo
Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar	Dáse conta dos seus erros e rectifica
Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	Respecta
Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	Constrúe algún instrumento pouco elaborado
Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	Realiza ditados rítmicos sinxelos
Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	Entende que nos expresamos a través do corpo
Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma	Inventa unha coreografía en grupo

interna dunha obra musical de forma sinxela	
Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	Controla a postura
Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	Goza interpretando danzas en grupo
Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	Representa gráficamente a música de forma sinxela

2. Avaliación e cualificación da área de Educación Artística (Música)	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. Audicións con e sen soporte gráfico.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Escala de observación. Gravacións e análise das mesmas. Producións musicais. Producións motrices.</p>
Cualificación final	<p>Principalmente valorarase o traballo feito ata a suspensión das clases. As actividades realizadas desde casa valerán para perfilar definitivamente a nota ou para recuperar no caso de ter suspensa a segunda avaliación.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Xogos interactivos na rede, fichas de repaso ou reforzo, escoita de vídeos de youtube con cancións e ritmos para practicar...</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Publicacións na páxina web do centro e comunicacións a través doutros medios informáticos ou telefonicamente. Entrega quincenal por parte do concello de actividades en fichas impresas.</p>
Materiais e recursos	<p>Ordenador, páxinas web, fichas, Cds de cancións, partituras, musicogramas, instrumentos de pequena percusión e de percusión determinada, fruta...</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A través do correo electrónico, por vídeoaplicacións ou telefonicamente,</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

1. ÁREA: LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Verbos usados frecuentemente en la clase de Inglés.	Conocer oralmente y por escrito una lista de 70 verbos que se utilizan habitualmente en clase.
Pronombres Personales Artículos y Demostrativos en Inglés.	Conocer oralmente y por escrito los Pronombres Personales Sujeto y los Demostrativos en Inglés
Números del 1 al 50 en Inglés	Memorizar oralmente y por escrito los números del 1 al 50 en Inglés
Verbo To Be en forma afirmativa, negativa e interrogativa	Aprender el verbo To Be en forma, afirmativa, negativa e interrogativa con pronunciación adecuada y traducción.
Verbo To Have Got en forma afirmativa, negativa e Interrogativa	Identificar el verbo To Have Got en forma afirmativa, negativa e Interrogativa con pronunciación adecuada y traducción
Expresión en frases cortas con el verbo To Be en Afirmativa, Negativa e Interrogativa.	Saber expresarse con frases cortas el verbo To Be en Afirmativa, Negativa e Interrogativa.
Expresión en frases cortas con el verbo To Have got en Afirmativa, Negativa e Interrogativa	Saber expresarse con frases cortas el verbo To have got en afirmativa, negativa e interrogativa.
Verbo Can en forma afirmativa, negativa e interrogativa	Aprender el verbo can en forma, afirmativa, negativa e interrogativa con pronunciación adecuada y traducción.
Expresión en frases cortas con el verbo Can en Afirmativa, Negativa e Interrogativa	Saber expresarse con frases cortas el verbo Can en afirmativa, negativa e interrogativa.
Formas verbales del Imperativo	Conocer la forma del Imperativo en Inglés utilizando cualquier verbo en forma afirmativa o negativa.
Expresión en frases cortas con el Imperativo en Afirmativa, Negativa	Saber expresarse con frases cortas, órdenes o mandatos utilizando el Imperativo en Afirmativa o Negativa.

2. Avaliación e cualificación da área de Lingua Estranxeira: Inglés.

Avaliación	Procedementos: - Trabajo del alumno en Casa con Fichas de Traducción al Inglés de Frases. - Visualización de Vídeos con explicaciones gramaticales. - Realización de Comprensión Oral por Audiciones.
	Instrumentos: - Fichas de Listas de Frases . - Vídeos de explicación Gramatical. - Grabaciones con audiciones en Inglés.
Cualificación final	Para la Calificación Final se tendrá en cuenta la nota media entre la Primera y Segunda Evaluación. En ningún caso, la nota de la Tercera Evaluación servirá para bajar la nota final en el caso de que fuese inferior a la Media de la Primera y Segunda Evaluación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- Fichas de Frases traducción al Inglés para repaso y ampliación.- Audiciones en Inglés para reforzo.- Canciones con subtítulos para reforzo..- Vídeos con Explicaciones Gramaticales para ampliación de conocimientos..
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Alumnado con Conectividad: - Realización de Actividades insertadas cada semana en la Página Web del Centro. - Comunicación bilateral para la corrección de tareas. Alumnado sin Conectividad: - Conexión telefónica con sus padres para confirmar que puedan realizar las actividades propuestas y facilitarles la autocorrección.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">- Vídeos Inglés fácil con Alema.- Fichas de Trabajo Personal.- Canciones en YouTube.- Audios Cambridge.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Se informará al alumnado y a las familias por medio de la Página Web del Centro. Sin conectividad: Comunicación telefónica con la familia.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.